



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

REUNIÓN DAS COMISIÓNS

Becas e Emprego

Vigo 15 de Decembro de 2010

Apesares de que a C.I.G. por vontade dos asinantes do convenio 2008-2011, non forma parte destas comisións, non por elo somos indiferentes ó que en elas ocorre.

PRESTACIONS SOCIAIS.- Sobre os criterios de distribución das "becas" reiterar de novo que nos parece mellorable, cando menos en:

.-si como foi o caso onde para Estudos de traballadores, solicitan 45 para unha bolsa de 60, para a C.I.G., ese diñeiro restante non debe ser distribuído entre os 45, senón que deberan ir a bolsa das axudas para fillos, onde quedaron fora moitos solicitantes.

.-outra das normas que no noso entender débese corrixir, é que a un mesmo titular, se lle concedan 3 bolsas, cando máis de 500 quedaron sen ningunha (nin tanto nin tampouco).

EMPREGO.- Se nos informa que a Dirección quere retrasar en 4 meses a formalización dos *250 contratos indefinidos*, por carecer neste momento de Contratos Relevo suficientes.

A formalización dos 250 contratos corresponden ó exercicio 2010, e para elo o requisito fundamental é, contar cun porcentaxe de eventualidade superior ó 10 %. Requisito que se cumpre, en consecuencia a 31 de Decembro teñen que estar formalizados, ou cando menos comunicados os nomes dos traballadores/as que pasarían a fixos de plantilla.

A Dirección argumenta que non conta con suficientes Contratos Relevo para formalizar os contratos fixos, a isto dicir:

1º.- Para realizar un contrato fixo, en ningún lado esta escrito que teña que ser un traballador/a que teña un contrato relevo (sería discriminatorio).

2º.- Si hoxe non contan con suficientes contratos relevo, non é porque non haxa traballadores con idade de acollerse á Xubilación Parcial, hai un mes que un colectivo de afectados veñen demandando ese dereito.

Retrasar este compromiso en materia de emprego e as xubilacións, non ten outra lectura para a C.I.G. que pretender utilizar estes dereitos como papel de regalo no que envolver a posible ERE que casualmente entraría en funcionamento no mesmo mes de abril.

Non hai xustificación para incumplir o Convenio Colectivo.

.-Que se active neste mes a xubilación parcial

.-Que se formalicen os contratos indefinidos 2010, no mes que corresponde Decembro, e a continuación as Novacións dos de 4 a 8 hras.

Confederación Intersindical Galega